

MENOS CONTRATOS, PERO DE MAIOR CALIDADE

É esencial seguir mellorando a calidade do emprego avanzando en cuestións como a reforma do despedimento ou a redución da xornada laboral

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e de afiliación á Seguridade Social do mes de xaneiro, publicados hoxe polo Servizo Público de Emprego (SEPE), mostran un aumento das persoas desempregadas e unha caída das afiliadas en liña co comportamento habitual do mercado de traballo nos meses de xaneiro, caracterizado polo fin do período do Nadal e, por tanto, do tirón extraordinario que supón sobre o emprego.

Nesta ocasión, o paro rexistrado aumentou en 1.597 persoas con respecto ao mes anterior, empezando o ano cun total de 131.101 persoas en desemprego, o dato máis baixo para un mes de xaneiro desde 1996. A afiliación, pola súa banda, descende en 11.752 persoas e sitúase nun total de 1.050.530 persoas. Supera en 19.793 persoas a cifra rexistrada no mesmo mes do ano anterior. En termos anuais, isto supón que o ritmo de creación de emprego mantense no 1,9%, síntoma dun mercado laboral forte e dinámico que resiste mellor do esperado ao contexto económico e político nacional e internacional.

UGT resalta que, tras dous anos de aplicación da reforma laboral de 2021, a temporalidade na afiliación continúa rexistrando mínimos históricos.

Pola súa banda, a estatística de contratos continúa mostrando signos de estabilización, comportándose acorde á premisa de “menos contratos, pero de maior calidade”. Así, neste xaneiro, asináronse un total de 52.803 contratos, 7.676 menos que antes da reforma e 23.419 menos que a media dos cinco anos antes da pandemia. Con todo, os indefinidos ascenden a 17.941, supoñendo o 33,98% da contratación. Unha cifra que antes da reforma apenas alcanzaba o 10% dos contratos.

De forma que moitas persoas traballadoras que antes encadeaban varios contratos temporais nun mesmo mes, agora teñen un contrato indefinido. Por iso, que haxa menos contratos non é un aspecto negativo senón un indicador de que a reforma laboral está a funcionar e permitindo que as relacións entre traballador e empresa desenvólvanse nun marco de maior estabilidade laboral da que se benefician ambas as partes.

É indispensable seguir mellorando a calidade do emprego desde todos os ámbitos, de maneira que, se practicamente xa se conseguiu que o contrato indefinido adquira a relevancia formal desexada na contratación, agora hai que mellorar as condicións nas que se desenvolven eses contratos indefinidos, elevando a súa estabilidade real.

Para iso, é fundamental continuar avanzando na protección das persoas traballadoras e acabar de completar as cuestións que quedaron pendentes hai dous anos, como a reforma do despedimento, que continúa sen adecuarse á Carta Social Europea Revisada. Para que o emprego indefinido conte con verdadeiras garantías, é necesario que a indemnización por despedimento adquira un carácter disuasorio e resarcitorio, recuperando tamén os salarios de tramitación. Iso desprazaría ao despedimento como a última das opcións posibles para o empregador, fomentando outras alternativas, como a formación e a recolocación, que son moito máis beneficiosas para ambas as partes, xa que contribúen a elevar a produtividade, reducen custos e dotan á persoa traballadora dun extra de seguridade laboral, moi necesario hoxe en día para poder ter en consideración proxectos de vida a máis longo prazo.

Igualmente, é necesario que as negociacións ao redor da redución da xornada laboral non se dilaten, alcanzando as 35 horas semanais antes de que acabe a lexislatura e co obxectivo posto na xornada laboral de 32 horas sen redución de salario.

Paralelamente, é imprescindible que se adopten as medidas para reducir o subemprego (esencialmente, tempo parcial involuntario e posible abuso dos fixos discontinuos), que constitúe a principal causa dos reducidos ingresos que obteñen miles de persoas traballadoras e, por tanto, da pobreza laboral que soportan os fogares.



Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan públicos hoxe, en Galicia o desemprego subiu en 1.597 persoas con respecto ao mes anterior (1,23%), tralo Nadal, e no Estado esta cifra tamén subiu, un 2,23%. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 13.947 persoas, un 9,62% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 131.101 persoas, mínimo histórico nun mes de xaneiro en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou, nun 3,25%, unha tendencia contraria ao resto de idades, e no ano a diminución foi dun 8,23%.

Por sexos, no caso dos homes o desemprego sobe no mes un 0,78% e no caso das mulleres nun 1,56%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 8,82% entre os homes e o 10,18% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 57,94% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 75.961 mulleres, fronte a 55.140 homes.

En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos, salvo no sector servizos, no que sube nun 2,19% no mes. No ano baixa en todos. O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 33,98%, aínda que, un mes máis, por abaixo do resto do Estado onde é do 42,73%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 73,6%, con 86.925 persoas beneficiarias.

UGT-GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN ESTE DOMINGO EN SANTIAGO NA MANIFESTACIÓN QUE SAIRÁ ÁS 12 DA ALAMEDA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

13 medidas urxentes pola sanidade que queremos e merecemos

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía a participar este domingo na manifestación que SOS Sanidade Pública convoca "Pola sanidade que queremos e merecemos" que sairá ás 12.00 horas da Alameda compostelana.

A sanidade pública galega está nunha difícil situación e é necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar isto.

SOS Sanidade Pública, da que UGT forma parte, reclama 13 medidas urxentes.

Primeiro, urxe incrementar o orzamento sanitario, especialmente na atención primaria, ata o 25% do total que indica a OMS, sen que se compute neste incremento o gasto farmacéutico nin o custe do sector privado racionalizado.

Tamén é necesario incrementar o persoal de medicina de familia, pediatría e enfermaría, así como a incorporación aos equipos de novas categorías, como psicoloxía, fisioterapia ou logopedia, entre outras.

Hai que abrir os centros de saúde que foron pechados e crear novos onde sexa necesario, cubrindo os servizos mínimos en todos e mellorando a súa dotación.

O sistema de ambulancias debe ser reintegrado ao sistema público, co conseguinte aumento da súa dotación, tanto en material como persoal.

Urxe implementar un plan urxente para racionalizar as listas de espera nos hospitais, poñendo a funcionar a pleno rendemento os centros públicos; reabrindo as camas clausuradas; e recuperando os servizos pechados dos hospitais comarcais. Todo isto acompañado da modificación da Lei de garantías de prestacións sanitarias que favorece a derivación de doentes ao sistema privado.

Será necesario garantir que a atención médica e control da saúde das persoas dependentes se faga dende a sanidade pública en coordinación cos servizos sociais.

Hai que reintegrar ao sistema público os servizos privatizados, como información, historia clínica, receita electrónica, central de chamadas, investigación ou docencia. É necesario recuperar o Álvaro Cunqueiro de Vigo para o sistema público e ampliar o número de camas segundo o proxecto inicial

MANIFESTACIÓN

SOS
sanidade
pública

pola sanidade
que queremos
e merecemos !!

domingo, 4 de febreiro de 2024
ás 12:00, desde a Alameda
Santiago de Compostela

para dar cobertura a toda a poboación de Povisa.

Haberá que elaborar de xeito consensuado un plan de saúde mental con dotación de persoal e recursos.

Hai que eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no sistema público, contemplando a dedicación exclusiva só para o persoal médico que traballa na sanidade pública e esixencia da acreditación especializada no novo persoal contratado.

Os concursos públicos deben ser transparentes e abertos para cubrir os cargos de

xestión do sistema.

Outra medida debe pasar por restablecer as xerencias de atención primaria e dotación de capacidade resolutive e orzamentos propios e restituír as áreas sanitarias suprimidas.

O sistema debe reorientarse cara o modelo comunitario e participativo.

Finalmente, entre as 13 medidas, demándase desmedicalizar o sistema e acabar co uso abusivo e irracional dos fármacos e das novas tecnoloxías, poñendo o eixo do mesmo na atención primaria.

H&M ANUNCIA UN PROCEDIMIENTO DE DESPEDIMIENTO COLECTIVO

Redacción.- A empresa H&M comunicou, o pasado 26 de xaneiro a súa intención de levar a cabo un procedemento de despedimento colectivo por causas organizativas, produtivas e económicas nas tendas.

Pretenden, segundo a comunicación recibida, o peche de 28 tendas, cunha afectación inicial de 588 persoas traballadoras, empezando o proceso de negociación no mes de setembro.

Co novo Real decreto que entrou en vigor o ano pasado, no caso de que se produzan peches de centros de traballo, a empresa debe realizar a comunicación á autoridade laboral con polo menos 6 meses de antelación ata que se produza

a constitución da mesa negociadora, enviando copia aos sindicatos máis representativos a nivel estatal e autonómico.

Tras os procesos de mobilización do ano pasado e o acordo ao que se chegou, UGT cre que esta medida é demasiado agresiva e que se poden buscar solucións que non impliquen a perda de emprego. UGT negociará co obxectivo posto no mantemento do maior número de postos de traballo, minimizando os efectos de medidas tan duras como as expostas por H&M, má-



xime cando se fala dun persoal xa merchado desde o proceso de despedimento colectivo que se produciu no ano 2021.

NOVA MOBILIZACIÓN DO PERSOAL DE JARDINCELAS

Redacción.- As traballadoras e traballadores de Jardincelas, tanto do Concello de Cambre como do de Culleredo, continúan coas mobilizacións para denunciar os continuos atrasos no pago das súas nóminas.

Concretamente, este luns, día 29 os traballadores e traballadoras manifestáronse e protagonizaron unha concentración.



UGT-CORUÑA CELEBROU UN TALLER SOBRE PERMISOS EN MATERIA DE CONCILIACIÓN NO ÁMBITO LABORAL

Redacción.- UGT-Coruña-Cee celebrou este xoves na súa sede un taller sobre dereitos e permisos en materia de conciliación. Taller que se desenvolveu dentro do proxecto Artemisa de UGT que centra os seus esforzos no fomento da conciliación e a corresponsabilidade no eido laboral.

O taller foi presentado pola secretaria de Igualdade e Comunicación de UGT-Coruña-Cee, Lidia Louzao, e pola secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos. A continuación, a vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, desenvolveu o contido do taller.

Analizáronse as novidades legislativas en materia de corresponsabilidade e conciliación; desenvolvéronse temas como os permisos retribuídos, permiso parental,



ausencia por causa de forza maior, adaptación da xornada, redución de xornada, excedencias, prestacións por nacemento e coidado, exames prenatais, riscos durante o embarazo, vacacións, lactancia e corresponsabilidade en coidado do lactante.

ASINA E DI "NON Á AUSTERIDADE 2.0"

Redacción.- A Confederación Europea de Sindicatos (CES), da que UGT forma parte, ven de abrir unha campaña de recollida de firmas en toda Europa para "Dicir Non á austeridade 2.0". O obxecto da campaña é chamar a atención e mobilizar á cidadanía contra a austeridade que se vai implantar en Europa coa recente reforma das regras fiscais europeas que constitúe un decepcionante cambio de rumbo das políticas expansivas e solidarias que con éxito viña desenvolvendo a UE nos últimos anos.

Esta austeridade en nada beneficiará á clase traballadora europea, polo que dende UGT reclamamos un modelo económico e social cuxa prioridade sexan as persoas.

As firmas conseguidas serán presentadas á Comisión Europea e aos gobernos nacionais dos Estados membro e con elas vaise esixir non volver á austeridade, invertir en traballos mellor pagados e sostibles e unha economía máis xusta para to-



dos e todas.

Podes asinar accedendo a esta li-

gazón

<https://action-europe.org/es/parar-la-austeridad-ES>

OS SALARIOS TEÑEN QUE SEGUIR GAÑANDO PODER ADQUISITIVO

Redacción.- Os datos do IPC adiantado do mes de xaneiro, publicados esta semana polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,4%, tres décimas máis que en decembro. A pesar deste leve repunte, espérase que este ano a inflación media sexa inferior á rexistrada en 2023, que foi dun 3,5%.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, redúcese dúas décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 3,6%. Con iso, acumúlanse cinco meses seguidos de baixada interanual, pechando practicamente a brecha respecto á taxa xeral.

UGT sinala que estes incrementos concéntranse especialmente en produtos básicos como os alimentos, que rexistran un encarecemento de case o 25% nos dous últimos anos. Por iso, o sindicato considera urgente despregar medidas que topen os prezos máximos e incentiven a

competencia no sector alimentario, que encadea varios trimestres rexistrando beneficios e marxes históricas.

Ademais, UGT reclama a necesidade de seguir impulsando o crecemento salarial. O novo AENC (2022-2025) xa xerou unha ganancia de poder adquisitivo nos convenios asinados desde a súa vixencia e en 2024 toca estendelo ao conxunto da clase traballadora. O acordo recolle un alza salarial do 3% para este ano, incorporando cláusulas de revisión con incrementos de ata un 1% no caso de que o IPC interanual ao peche do ano fose superior.



Neste sentido, para o sindicato, as cláusulas de revisión salarial supoñen unha ferramenta clave para protexer os salarios fronte a desviacións imprevistas da inflación, polo que se debe aumentar notablemente os seus niveis de cobertura. O ano pasado só protexeron a un 23,4% dos traballadores e traballadoras, o cal se sitúa moi lonxe dos niveis alcanzados a principios de século, cando a devandita porcentaxe oscilaba en torno ao 70%.

HAI QUE IMPULSAR A REINCORPORACIÓN LABORAL DAS PERSOAS QUE PADECERON CANCRO

UGT insta a negociar cláusulas nos convenios colectivos e protocolos nas empresas

Redacción.- A secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, sinalou que o sindicato traballa en dúas liñas fundamentais: aflorar os cancros de orixe profesional e impulsar a reincorporación ao traballo das persoas que sufriron cancro, asuntos que se deben tratar na Mesa de Diálogo Social de Prevención de Riscos Laborais, que se abrirá o próximo 12 de febreiro.

García de la Torre, que fixo estas declaracións durante a súa intervención na mesa de debate 'Retos e oportunidades para a atención das necesidades laborais das persoas con cancro', destacou que, aproximadamente, 1 de cada 3 casos de cancro poderían estar relacionados coa exposición a substancias canceríxenas no traballo. Con todo, apenas unha pequena parte cualifícase como continxencia profesional. Isto supón que non se activan os mecanismos preventivos na empresa, polo que máis persoas traballadoras poderían chegar a enfermar.

Ademais, estímase que un 30% dos sobreviventes de cancro perderá o traballo por esta enfermidade e ao redor dun 55% dos pacientes non retornará ao seu emprego. Por iso, é preciso facilitar e potenciar a reincor-

poración laboral das persoas que sufriron cancro con horarios flexibles, cargas de traballo adecuadas e adaptando o posto de traballo ás súas novas capacidades.

García de la Torre, lembrou que o V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva xa recolle que, a través dos convenios colectivos, deberíanse desenvolver protocolos e guías para a mellora da xestión da reincorporación das persoas traballadoras despois de baixas de longa duración. "O obxectivo destes protocolos é conseguir que a reincorporación ao posto de traballo non sexa un feito traumático, senón máis ben ao contrario, que supoña un beneficio para a saúde. A empresa xunto cos representantes das persoas traballadoras e o servizo de prevención deben articular adaptacións progresivas ou permanentes do posto de traballo e/o das súas condicións de traballo".

A secretaria de Saúde Laboral de UGT destacou o labor dos delegados e delegadas de prevención nos centros de traballo, "o seu apoio ás persoas con cancro ou que superaron o cancro é clave e pode chegar a marcar a diferenza nos procesos de reincorporación". Instou a axudar ás pemes "porque non todas as empresas

dispoñen dos recursos necesarios para levar a cabo as adaptacións e adecuacións necesarias para reincorporar á persoa traballadora a un posto de traballo compatible co seu estado de saúde".

Por outra banda, reclamou políticas públicas coordinadas entre a Autoridade Laboral, Servizos de Prevención Social e Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo. Porque este asunto non só incumbe a empresarios e sindicatos. Neste sentido dixo que "desde UGT cremos que o sistema de protección social precisa de políticas que fomenten o retorno seguro e saudable ao traballo, sobre todo, para as persoas traballadoras que sufriron un longo proceso incapacitante".

Por último, lembrou que "o fomento da reincorporación laboral tras o cancro supón un cuádruplo beneficio, para as persoas afectadas; para as empresas, ao evitar a perda de capital humano; para o Sistema de Seguridade Social, xa que soportaría menores cargas económicas (que poderían ir dirixidas á prevención e ao tratamento e investigación); e para a sociedade, en xeral, en aras a mellorar a saúde pública e a saúde laboral".

UGT PRESENTA A GUÍA LABORAL PARA PERSOAS MOZAS 'LA GARRA'

Redacción.- UGT ven de presentar a guía laboral para as persoas mozas "La Garra" co obxecto de cubrir o enorme descoñecemento da poboación nova sobre os seus dereitos laborais. Cada persoa ten que aprender os seus dereitos a medida que avanza a súa vida laboral. Mentres sofre abusos, descobre situacións inxustas e con esta guía ten as ferramentas para poñerse fronte a ela. Como sociedade, non podemos permitirmos isto. Debemos ensinar dereitos laborais e sindicalismo nos ensinamentos obrigatorios no noso país. Informar sobre situacións ás que as persoas mozas se van a enfrontar, como o modelo de sociedade, por que pagamos impostos, etc..".

Neste sentido, o Sindicato esixe "unha revisión dos contidos dos ensinamentos obrigatorios para que se inclúan estas cuestións. Non pode ser que unha persoa nova na ESO poida coller de optativa 'Economía

Empresarial e Emprendemento' e non ensinen estas cuestións básicas".

Unha guía que tamén se presenta "pola elevada precariedade que afecta ás persoas mozas. Seguimos vendo como existe unha precariedade estrutural que envolve o desemprego xuvenil, seguimos tendo taxas de desemprego novo que triplica a media nacional, seguimos tendo unha parcialidade indeseada alta, hai unha enorme fraude sobre as prácticas laborais no noso país e existe unha brecha salarial que fai que unha persoa entre 20 e 24 anos teña un salario medio do 50% inferior respecto á media nacional".

"Preocúpanos a normalización desta precariedade e a xustificación por toda a sociedade", considerou. "UGT non consente ningún tipo de discriminación, e xustificar cobrar menos ou ter peores condicións por



ser novas é unha discriminación por idade".

Ademais, "a lexislación cambiou a nivel laboral nos últimos anos. Temos que actualizar esta lexislación para que as persoas mozas a coñezan. Especialmente, tras a pandemia, producíronse numerosas modificacións para mellorar os dereitos das persoas traballadoras, grazas aos acordos alcanzados co Goberno nas mesas de Diálogo Social".